

se aproban as bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ante do Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde a súa publicación no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela 17 de febreiro de 2010.

P.D. (Resolución 21-6-2007)
Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 15 de febreiro de 2010 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para o ano 2010 das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008).

No artigo 20 das ditas bases establécese a súa dotación orzamentaria, así como que os créditos poderán ser modificados e/ou ampliados á vista das solicitudes presentadas, do cal se daría a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Debido ao elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro das tres liñas de axuda establecidas nas bases (circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital) nun contexto en que as pemes galegas deben adecuar o seu financiamento á realidade económica actual, semella oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas establecidas nestas bases.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Único.-Amplíase en 1.400.000 € para o exercicio 2010 o crédito establecido na partida 02.01-E5/10/01-656700 para as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 22 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito para subvencións de vivenda unifamiliar rural establecido na Orde do 18 de febreiro de 2009 da Consellería de Vivenda e Solo.

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, establece os requisitos, procedementos e incentivos para unha rehabilitación e renovación de calidade das vivendas e edificios, tanto no medio rural como nos conxuntos históricos de Galicia. No citado decreto establécese, ademais, que as subvencións recollidas nel se regularán por ordes anuais de convocatoria.

O 18 de febreiro de 2009, por orde da Consellería de Vivenda e Solo, convocáronse subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e a renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia para 2009.

No artigo 5 estableceuse como data de remate do prazo de presentación de solicitudes o 1 de setembro de 2009.

No artigo 11 estableceuse que o importe máximo de subvencións para vivenda unifamiliar no ámbito rural será de 6.200.000 euros, na aplicación 17.02.451A780, hoxe 17.90.451A 780.0, logo da reorganización administrativa establecida polo Decreto 83/2009, do 29 de abril, do orzamento de gastos para 2009.

O 25 de novembro de 2009 constátase o esgotamento do orzamento autorizado para 2009 para seguir atendendo as solicitudes de subvencións para vivenda unifamiliar no ámbito rural.